

BRMIA



REVISTA MENSUAL
DE CRENTE GALEGOS
ANO XLII
Nº 1063
De setembro a
outubro de 2024

Benia quen constrúa
a paz!



Que sociedade imaxinamos? Que futuro queremos?



O Son d'Aldea XIII edición que se celebra na parroquia de Santiago de Albá, Palas de Rei. Unha vivencia única onde o tempo se para



O trasno

Daniel López Muñoz

Refuxiadas. Unha oportunidade inevitable

E de súpeto vexo a Monterroso no diario británico The Guardian. O artigo de Ashifa Kassan, estaba encabezado por un contundente: “Son un exemplo para nós: unha pequena vila que dá a benvida aos refuxiados.” Con este subtítulo: “Monterroso axudou a integrarse a 120 persoas en radical contraste co enfoque da extrema dereita”.

E o dos futbolistas da Sociedade Deportiva Monterroso facendo toda unha homenaxe aos rapaces acabados de chegar, e o da foliada popular movida pola Asociación Sociocultural Falcatrueiros deume que cavilar. E cavilando podemos chegar á conclusión de que aí hai toda unha estratexia intelixente: emocional e práctica. Con moito fundamento.

Vexamos. Quen se embarca nunha patera ten unha ferida afectiva. Ten outras máis, pero tiremos dese fío. Os meniños con carencias afectivas graves acaban sendo adultos problemáticos, desconfían de todo e de todas as persoas, descontrolan facilmente, desenvolven con facilidade unha agresividade fóra do común, como se, cando estoupan, quixeran vingarse do universo. Aplicado ao noso caso, remi-

tíranos, por exemplo aos altercados de París e arredores en 2005, a punta de iceberg dun malestar infinito, herdado, dunha mala acollida, dun empacho de odio e sentimento de cidadanía de terceira.

Se tes que buscar refuxio é porque a túa matria, a túa patria, é unha maltratadora. Tes unha ferida emocional, coma un meniño nun hospicio de Dickens. Pasas a ser unha persoa esmoleira de afecto, tocada para sempre. É inimaxinable para quen non o padeceu.

Refuxiadas, inmigrantes, orfos e orfas de patrias corruptas, de ditaduras criminais, de petroestados corruptos.

Van vir. Van seguir vindo. Falloulles o amor paterno, quedaron sen nada. Procuran algo de fraternidade e sororidade. É inevitable. Pero é, pode ser, unha oportunidade para as nosas socieda-

des envellecidas, agoniantes, egocéntricas. Que facer?

Como di The Guardian, a estratexia Monterroso é a alternativa á da extrema dereita (e á da dereita non tan estretemada). Esa estratexia imbécil e desalmada: xerar un odio preventivo contra o diferente, botar sal nas feridas, deshumanizalos, criminalizalos, mesmo con delitos que nunca cometeron pero que se lles colgan do lombo en Twitter e tick-tok.

A estratexia Monterroso, marca un camiño: “Benvida a miña terra. Dame unha aperta, acouga, e despois xa iremos mirando esas feridas que traes”.

Pois iso, un camiño, un plan sandador, e unha festiña de cando en vez.



Que sociedade queremos?

Atribúese a Jules Verne unha frase que nos dá que pensar: “cada un vive no mundo que é quen de imaxinar”.

Podemos imaxinar unha sociedade de persoas ruíns, de ameazas variadas e abondosas. Podemos caer na escravitude do medo ao outro, a quen vemos diferente. Podemos ver o mundo coma un desafío de seres “en principio” inimigos que axexan as nosas vidas. Inocular ese medo na xente é a condición para que os poderes autocráticos secuestren as nosas vontades e os nosos apoios. Os fascismos ciméntanse nos medos. Se só imaxinamos inimigos construiremos unha sociedade de muros e arames, de culpa e violencia -reprimida ou lista para disparar-, de segregación. Eses lugares xa existen.

Podemos imaxinar, ben ao contrario, unha sociedade de seres que comparten a súa condición de humanos, con sortes diferentes, limitados, comezando por nós mesmos. Unha sociedade-rede, de apoio mutuo, fraterno, un mosaico de diversidade, incompletas, complementarias. Se imaxinamos esa fraternidade aberta, faremos parte na construción dunha comunidade pacificadora, hospitalaria (que vén de “hospital”), unha terra e un pobo de inclusión.

Quizais non o parece, pero estamos falando de espiritualidade. Nas trolas racistas das redes sociais tamén hai espiritualidades. Pero son tóxicas. Ese “imaxinar” non é un “fantasiar”. É alimentar o máis fondo do noso ser cun escenario de medo, desigualdade radical e violencia ou, alternativamente, nutrilo dunha compaixón activa. As parábolas do evanxeo son desta segunda categoría: baixar do cabalo, convidar aos de fóra, procurar a ovella que se perdeu, ...

A xente que andamos arredor de Irimia temos a sorte de alimentar o corazón de vidas e experiencias como a que vivimos na Romaxe de Lodoselo: ese activar con organización e eficacia a solidariedade que habita na nosa cultura de aldea. Ou como a que reflicte a nosa entrevista das páxinas centrais: demostrar que o refuxiado e a inmigrante non son o inimigo a bater ou explotar, senón o irmán, a irmá que está en dificultades. Esa, ese que nos recorda que, noutrora, tamén nós fomos forasteiros.

Son mostras luminosas de que o odio non ten por que ter a última palabra.

Podemos imaxinar
muros de defensa e
valados de arame.

Ou podemos
imaxinar un mosaico
de persoas irmás,
incompletas,
complementarias.

Carlos Vázquez G.

A couza da democracia

Hai quen di que as diversas formacións da extrema dereita actual non son os mesmos nazis ou fascistas dos anos vinte e trinta do pasado século. Habería unicamente algunhas similitudes ou herdanzas que, como máximo, poderían reflectirse, pero hiperbolicamente, co prefixo “neo”.

Ademais da respectable intención analítica desta consideración, non cabe dúbida de que tal afirmación está a utilizarse —tamén e a fondo— para branquear as mensaxes ultras e facelas dixeribles na opinión publicada e na pública.

Coido, no entanto, que esas similitudes ou herdanzas son esenciais e cardinais de máis para podermos pensar que estamos ante un fenómeno político radicalmente distinto.

A xeito de exemplo abondaría con sinalar, máis que coincidencias, identidades como a utilización e participación no sistema democrático para embridallo e/ou destruílo desde dentro —non esquezamos que Hitler chegou ao poder nunhas eleccións democráticas—; a utilización da mentira como ferramenta e arma política que, segundo Goebbels, hai que repetila mil veces para convertela en verdade, e que hoxe branqueamos co ambiguo termo “posverdade”; o fomento do racismo, da xenofobia, da aberta ou tácita supremacía branca, do modelo patriarcal ou do nacionalismo excluínte e patrioteiro como presuntos valores cívicos; a escolla dun falso inimigo de todos, social e político que, primeiro, se deshumaniza e sataniza, de seguido, atribúenlle todos os males e crimes e que, por último, é perseguido ata a súa mesma destrución física, tal como se fixo onte cos xudeus e hoxe se intenta facer cos inmigrantes pobres; e no caso de España, a recuperación do nacional-catolicismo.

Percíbese xa a serradura da couza ao pé de demasiados mobles institucionais

Por todo isto penso que, se non son os mesmos, son unha sorte de “metempsicose”, de traslado do espírito e dos elementos ideolóxicos e políticos esenciais dos fascismos ás extremas dereitas actuais. Unha reencarnación do nazismo e do fascismo ou do franquismo nunha larva depositada nas entrañas da democracia que a vai roendo por dentro ata reduci-la a serradura, igual que a couza fai coa madeira dos mobles máis nobres.

Percíbese xa a serradura da couza ao pé de demasiados mobles institucionais pero, se Trump gaña as eleccións este novembro, poderemos escoitar xa o ruído característico da couza roendo na democracia. E, neste punto, sabido é que erradicar a couza non é doado, require “esforzo, bagoas, suor” e sangue, no peor dos casos, como xa pasou.



© Foto: AP

...pero a vaquiña polo que vale

Tino Santiago

IRIMIA

Non é unha cuestión de fe

Se cadra, por empezar polo obvio, hai que recordar que o Consello da Cultura Galega é unha institución creada polo noso Estatuto de Autonomía, como o Parlamento ou a Xunta. É dicir, non é unha asociación privada como a Real Academia ou o Colexio de Médicos, senón que forma parte do armazón que constitúe o noso autogoberno. Xa sei que non se leva, pero isto implicaría que a relación entre o executivo e o CCG debería ser, como mínimo, respectuosa e, cando haxa que discrepar, facelo con argumentos e non con descualificacións. Pero, cando o CCG elabora un informe contrario á macrocelulosa de Altri, esquéceselles todo iso e, desde o presidente da Xunta ata os conselleiros, pasando polo PPdeG, optan pola descualificación groseira.

Alfonso Rueda é quen de presumir que non o leu; a conselleira de Medio Ambiente, Ánxeles Vázquez, afirma que non son máis ca opinións de parte, non como os escasos apoios que recibe a macrocelulosa da Academia, eses si, de inmarcesible pureza técnica. A reacción completouse cos hooligans do PPdeG cuestionando nas redes sociais a lexitimidade do CCG para criticar o goberno galego. A furibunda reacción da Xunta deixou en evidencia algo que se intuía: a macrocelulosa pasou a ser un proxecto exclusivo dos populares. Evidencia que se reafirmou ás poucas semanas cando o líder do PSdeG, Xosé Ramón Gómez Besteiro, cuestionou o plan da multinacional portuguesa.

Esta decisión de ir eliminando a aparencia de neutralidade e optar por un debate ideolóxico, un combate de "nos

e eles", case unha cuestión de fe, pode darlle ao PPdeG indubidables réditos electorais. Se vai adiante, será o seu incuestionable triunfo; se a UE non achega os cartos necesarios, será por culpa das nefastas influencias do goberno de Sánchez, do BNG, e da ruín vicepresidenta Teresa Ribera. Esta é a clave.

Ao envolver o caso Altri nese enredo, non se discute se construír unha macrocelulosa é o mellor que podemos facer para incorporar o país á nova economía dixital; menos aínda falamos de se está ben que poñamos cartos de todos neste proxecto privado, diñeiros sen o cal nunca se faría, ou se estaría mellor gastalos noutra cousa. En definitiva, se non temos outras alternativas que seguir sendo un país produtor de materias primas.

Pero hai evidencias racionais de que as cousas poden ser diferentes. Este mesmo ano publicouse "Galicia distrito industrial. Conversas con Daniel Hermosilla" de Antón Baamonde, en Galaxia. Achéguese ata el e poderán intuír que outros futuros son posibles. E non me fagan caso a min. Fiense dun dos grandes economistas do noso tempo, Antón Costas, que dixo de Galicia distrito industrial que era "unha revelación, unha epifanía. Espectacular. Lean o libro". Pois iso.



A reacción completouse cos hooligans do PPdeG cuestionando nas redes sociais a lexitimidade do CCG

O peto do Santo Antón

Manuel Regal Ledo



Agraciadas e agradecidas por Lodoselo

Meu querido Santo Antón
 Desta non che veño con laios, senón con loanzas.
 Loanzas e agradecementos polo vivido o 14 de
 setembro en Lodoselo, Sarreaus, Ourense, onde
 celebramos a 46.^a Romaxe de Crentes Galegos
 e Galegas. Seguro que tamén vos achegastes alí,
 non si? Velaquí:



GRAZAS por Lodoselo, agochada aldea pequena,
 profecía da grandeza do insignificante, do que non conta!
 GRAZAS polo sol resplandecente daquel 14 de setembro,
 símbolo da luz que desde Lodoselo tanto nos alumia!
 GRAZAS polo airiño frío, desacougante da primeira hora,
 preludio das santas inquedanzas que Lodoselo nos provoca!
 GRAZAS pola abondosa amplitude do espazo de celebración,
 berro aberto dunha aldea acolledora, dunha aldea en saída!
 GRAZAS pola cálida e saborosa acollida que alí nos deron,
 que desde a chegada nos fixo sentirnos persoas ben coidadas!
 GRAZAS por cada unha das persoas que ao lugar peregrinamos
 cal aprendices da imprescindible sabedoría dos coidados!
 GRAZAS pola celebración, festeira e cuestionadora ao tempo,
 que nos asolagou no corpo e na alma do vivido en Lodoselo!
 GRAZAS polo planificado plan sen plan daquela contorna,
 onde todo xorde da urxencia amorosa do que a xente precisa!
 GRAZAS porque nada queda sen coidados na bisbarra:
 xente e animais, terras e plantas: comunión socializada!
 GRAZAS porque todo o mundo é aquí coidador e coidado,
 sen liderados estériles, con responsabilidades compartidas!
 GRAZAS polos ecos que Lodoselo acá e alá provoca,
 ecos dos que tamén vive, cos que tamén se fortalece!
 GRAZAS polas persoas crentes e non crentes,
 que de lonxe soñaron e loitaron irmandades coidadoras!
 GRAZAS pola revolta das mulleres de onte e de hoxe,
 maiormente a das mulleres ocultas que removeron o mundo!
 GRAZAS polo pan de Xesús, case case imperceptible,
 regalado tamén cal sacramento na vida coidada en Lodoselo!
 GRAZAS, en fin, pola mesa, pola música e o baile,
 polos corazóns agradecidos desta humilde xornada grande!
 Ai, aquel 14 de setembro en Lodoselo,
 capital galega dos coidados,
 onde tanto soñaron e danzaron terra e ceo!

CARRABOXO por KOBE LOIS



O peto común

Josecho de la Torre Culler

Xogar

Unha das actividades preferidas da rapazada é, sen dúbida, o xogo. Di a vaguesa María Couso, no seu libro *Cerebro, xogo e infancia*, que xogar é unha acción pola que todo o teu ser se sente alegre, goza do momento e se entretén realizando unha actividade... Se es adulto e dedicas un intre a facer un percorrido por momentos de xogo durante a túa infancia, o máis probable é que sintas unha sensación pracenteira por toda a diversión e entretemento que revives. Tras o percorrido, quizais te atrape a nostalxia de quen quixera volver vivir eses momentos! Claro que non podemos regresar a esa maravilhosa etapa que foi a nosa infancia, pero, por que deixamos de xogar cando nos facemos maiores? Por que escoitamos a miúdo aquilo de “só pensa en xogar” como unha perda de tempo? Deixamos de xogar para dedicarnos “a cousas máis importantes” a medida que nos facemos maiores?

Creo que o xogo é para todas as idades. Lembro, por exemplo, as ligas de petanca que se celebran en Cangas con petanqueiros e petanqueiras xubilados, as longuísimas partidas de cartas que podemos ver en moitos bares ou nos centros de día; creo que, ademais, é moi recomendable porque o xogo é aprendizaxe, e aprender é un proceso que dura toda a vida. Pódese xogar a nivel individual ou colectivo, coa familia ou cos amigos, ao aire libre ou en espazos pechados. Pó-



dese xogar en calquera momento do día e podes repetir o xogo as veces que queiras. Xogos que duran segundos e xogos de varios días. Algúns precisan unha mesa, outros auga, outros un campo aberto. Con todo, hai xogos nos que só precisas a voz ou un xesto. Nalgúns compites contra os compañeiros e noutros precisas da colaboración, pero sobre todo xogar supón unha vivencia única que deixa pegada nas nosas vidas. Que llo digan ás avoas e avós que xogan todos os días cos seus netiños.

Rumores de esperanza

Xan Guillén Vázquez

Xa levo unhas cantas Romaxes no corpo aínda que a isto hai moita xente que me gaña pero desta volta deime de conta de algo importante. As Romaxes serven para coñecer Galicia indo de carballeira en carballeira, de parroquia en parroquia e de lugar en lugar. Xa son moitos os lugares visitados. Este lugar, para min, era totalmente descoñecido. Incluso cústame pronunciar o nome do concello pero é un lugar ben xeitoso. Pero o bo tamén de percorrer a Terra de Romaxe en Romaxe é que coñeces a cantidade de cousas boas que se están a facer. Tampouco sabía o traballo do Centro de Desenvolvemento Rural O Viso de Lodoselo. Unha marabilla o ben que fan alí. Xente boa que fai as cousas ben. Xente que cuida. Xente que acompaña. A nosa terra está chea de boa xente. Paga a pena dala a coñecer. Mágoa que os medios de comunicación miren a outra parte. Mágoa que a TVG sexa tan insubstancial ás veces e non poña o foco. Por certo, se queredes ver uns programas de humor deses que non saen na Telejaita buscade nas redes sociais “Non saímos do lixo”. O programa de humor que non sae nos medios convencionais. Humor á galega e irreverente. Outra boa xente. Xente que cuida do bo humor.



O **PROXECTO NEO** é o resultado en forma de programa de radio da colaboración entre Radio Burela e a área de Innovación Educativa do IES Perdouro. Os seus protagonistas principais son persoas neofalantes, principalmente de Burela. É un proxecto que xira ao redor da interculturalidade e o universalismo, cuxas emisións se poden seguir en directo (1 hora á semana) ou tamén en formato podcast. Está presente tamén en diversas redes sociais.

Imaxe: img.lavdg.com



A loita polo respecto á **TOPONIMIA OFICIAL GALEGA**

comezou coa aprobación da Lei de Normalización Lingüística xa en 1983. O seu artigo 10, que di que os topónimos terán como única forma oficial a galega, ten dificultades aínda hoxe para facerse efectivo en todos os eidos. Neste contexto, A Mesa pola Normalización Lingüística promove a campaña “Os nosos lugares, na nosa lingua”, a resultas da cal a propia aplicación Google Maps adoptou por fin —con algún fallo— a toponimia galega.

Imaxe: enfoques.gal



O **CONSELLO DA CULTURA GALEGA**

publicou un informe (ao que se pode acceder libremente na súa páxina web) moi crítico co proxecto da macrocelulosa de Altri. Ao redor das datas da súa publicación, aconteceron dous sucesos moi significativos: a defensa contundente do xefe de Informativos da televisión pública galega do proxecto de Altri nunha tertulia da CRTVG, e o nomeamento como Directora Xeral de Medio Ambiente da parella dun alto cargo de Ence en Galicia.

Imaxe: pbs.twimg.com/



A **REVOLTA DE MULLERES NA IGREXA**

vén de criticar con dureza o machismo do Presidente da Conferencia Episcopal, Luis Argüello, quen xustificou a actuación do alcalde de Vita (Ávila) nas festas locais, afirmando que tivo lugar “a altas horas da mañá e despois de ter bebido”. O alcalde subiu ao escenario e entoou unha letra que a Revolta considera apoloxía da pederastia infantil. A agrupación recrimina a falta de resposta da Igrexa, e pide a rectificación ou a dimisión do bispo.

Imaxe: revueltamujeresenlaiglesia-alcemlaveu.com

Tempo Galiza Editora publicou **CANTOS DE DOR E LIBERDADE: VOCES GALEGAS POR PALESTINA**, obra na que varias autoras, artistas e autores do país expresan a súa raiba e a súa dor polo xenocidio que Israel está a cometer co pobo palestino. A obra nace da colaboración solidaria entre varias entidades, e os dereitos de autoría así como os beneficios que xere a súa venda destinaranse á UNRWA para prestar axuda humanitaria á poboación de Gaza.

Imaxe: tempogaliza.gal



O único musgo coñecido na península Ibérica capaz de reflectir luz de cor esmeralda na escuridade chámase *Schistostega pennata*. Atópase en moi poucos lugares, entre eles na parroquia rural de Beade, en Vigo. O musgo está nunha mina de auga de cando menos 200 anos de antigüidade, e por riba del pendura a ameaza do trazado dun vial previsto no plan urbanístico do Concello. A loita na súa contra do colectivo **AVIBE** e a súa defensa da contorna recóllese no documental **SCHISTOSTEGA**, que se financiou a través dun *crowdfunding*.

Imaxe: goteo.org



Arraianos Producións vai rodar un documental sobre a relación entre o crego **LEOPOLDO DURÁN** e o escritor **GRAHAM GREENE**. A tese de Durán sobre a figura dos sacerdotes nas obras do escritor británico levouno a concertar con el unha cita en Londres que derivou nunha amizade que durou toda a súa vida. Xuntos realizaron quince viaxes pola península Ibérica, ao longo das cales Greene chegou a coñecer ben Galicia, sobre todo Beade, onde o escritor teimaba en acudir para proveerse de viño.

Imaxe: arraianos.com



O Barómetro da **SOIDADE NON DESEXADA 2024**

revela que en Galicia viven soas máis de 200.000 persoas. Aproximadamente un 20% delas teñen máis de 55 anos e, sorprendentemente, esa porcentaxe supérana as mozas e mozos de entre 18 e 34 anos, xa que 1 de cada 3 vive en situación de soidade non desexada. Ademais, afecta en maior medida a persoas que viven en cidades de máis de 50.000 habitantes que no rural, e está relacionada en moitos casos coa presenza doutros problemas socioeconómicos e de saúde mental.

Imaxe: elplural.com



O desafío e a oportunidade dunha Galicia diversa



“Diversidades”, así de conciso e suxestivo é o nome desta Asociación. Leva doce anos de funcionamento, coa mirada, os oídos e as mans empeñadas en activar iniciativas que promovan os dereitos e a igualdade de oportunidades para os máis vulnerables, iniciativas que reparen as nosas avarías como sociedade, tan servil cos fortes como implacable cos débiles. Dese escoitar a realidade e adaptarse a ela, xurdiron actuacións concretas decididamente enfocadas ás persoas inmigrantes e refuxiadas. Conversamos con Santiago González Aviión, director desta asociación radicada en Vigo pero con proxección noutros concellos e bisbarras próximas.

Non hai demasiado tempo as serpes de verán eran esas noticias irrelevantes para encher os xornais no mes de agosto, como o monstro do lago Ness. Neste verán quíxosenos vender que o monstro son os refuxiados e as inmigrantes. Agora resulta que é “o que máis preocupa á opinión pública”. En que medida estamos como sociedade “tocados” pola insolidariedade e mesmo o odio?

o Papa defende os dereitos das persoas migrantes, pero unha maioría de persoas declaradas católicas prestan oídos ao discurso do odio

Ata hai ben pouco, non estabamos preocupados pola acollida que estes discursos tiñan entre nós: pouca aceptación social e escasa relevancia política. Pero a insistencia nos grandes medios de comunicación do Estado e certo predicamento dos discursos contra a migración, como se fosen contraculturais e alternativos, están dando un pulo importante a estes discursos de odio. E, o que resulta máis preocupante: mentres que o catolicismo oficial defende os dereitos das persoas

migrantes, unha maioría de persoas declaradas católicas están a prestar oídos a ese discurso do odio, mesmo a través dos medios de comunicación sostidos pola Conferencia Episcopal Española.

En “diversidades” non facedes retórica sobre a inmigración, senón que vos arremangades para facer posible un “encuentro con resultados” entre os

acabados de chegar e a sociedade de acollida. Que cousas concretas tedes en marcha e a que estratexia de fondo responden?

Agora mesmo temos dúas liñas de traballo estratéxicas: a liña de acollida de persoas migrantes e a participación no sistema nacional de acollida de persoas refuxiadas.

Para as persoas migrantes, procuramos dispoñer de servizos integrais, como son os servizos de información e



asesoramento, mediación intercultural, asesoramento xurídico, orientación laboral, formación para o emprego, acceso á vivenda e salvagarda dos dereitos. Ademais estamos a desenvolver unha escola de segunda oportunidade, pioneira en Galicia, con prevención do abandono educativo prematuro e cunha intervención decidida con adolescentes e mocidade en situación de abandono. Nese marco, damos prioridade aos menores sen familia.

Para solicitantes de Protección Internacional e Refuxiadas, ademais dos servizos anteriores, tamén participamos no Sistema Nacional de Acollida, ofrecendo 62 prazas residenciais en catro centros de acollida na cidade de Tui. Convén lembrar que a maioría de persoas que chamamos refuxiadas son solicitantes de protección internacional (asilo ou refuxio).

Estamos recibindo unha chea de mensaxes: prevención, desconfianza, criminalidade, choque de civilizacións, ...Como perciben “eles e elas” desde o outro lado ese bombardeo? E como perciben e reciben, en troques, unha man amiga?

Hai varias reaccións a estas mensaxes: hai persoas que non comprenden o rexeitamento, pero hai quen naturaliza ser recibido con desconfianza ou mesmo con medo; está a

reacción de rabia, que xera violencia contida; hai quen o percibe como discriminación e trata de loitar contra ela; e tamén hai quen trata de diferenciarse do resto, afirmando o seu parecido connosco e as diferenzas cos “outros”.

Ser “o corazón dun mundo sen corazón” ten que acompañarse de evitar relacións de clientelismo e de paternalismo

Este último grupo está integrado por un número crecente de persoas que, sendo migrante, adhíren os discursos e os valores da extrema dereita. Non debemos culpar a ninguén pola súa reacción, nin pola súa estratexia adaptativa, pero é necesario entender que esta pluralidade non dá para crear

unha unidade de acción fronte ao rexeitamento: ao contrario!

En troques, é común que se perciban as persoas e as organizacións favorables á acollida como “o corazón dun mundo sen corazón”, se se me permite

a cita. Esta percepción é enormemente positiva, desde unha certa óptica; pero debe ser sometida a crítica, porque pode xerar conformismo e mesmo relacións de clientelismo e de paternalismo, aspectos dos que nunca debemos pensar que estamos totalmente libres.



Ferrados de Corazón.

O desafío e a oportunidade dunha Galicia diversa



Na partida de ping-pong cos “menas” deste verán pasado a moitos volvéusenos pasar pola cabeza a necesidade dun plan de integración digno de tal nome para o que é o maior desafío humano da nosa era. En cuestión de residencia, vivenda, formación, emprego,.....Nese posible plan, que exemplos poñerías de cousas ben feitas que habería rescatar e integrar e que cousas habería que desterrar para sempre?

Dunha banda, quero salientar que o desafío é dobre: porque o que está en xogo, en primeiro lugar, é a nosa humanidade, os valores en que se funda a nosa sociedade, o respecto aos dereitos humanos básicos. Pero, tamén está en xogo a nosa propia supervivencia como sociedade: cun índice sintético de fecundidade de 1 sostido durante máis de vinte anos, (cando a taxa de reemplazamento está bioloxicamente marcada en 2,1), non temos ningunha posibilidade de continuidade salvo recorrendo á inmigración. Debería existir un consenso social arredor de compensar esta deficiencia histórica realizando un esforzo colectivo de atracción. E, a seguir, planificar este reto, incluíndo non só vivenda, formación e emprego, senón tamén

o ámbito lingüístico e cultural, que merecen unha atención que non lles estamos a prestar.

Na miña opinión, hai algunhas iniciativas a nivel estatal que poderían marcar un camiño en positivo. Respecto dos menores non acompañados, o cambio no regulamento permitiu acceder á maioría de idade sen ficar en situación irregular: foi un paso formidable na boa dirección. O arraigo por formación paréceme unha iniciativa na dirección correcta: as persoas non teñen que agardar tres anos para regularizar a súa estadia aquí, sendo suficientes dous anos (que aínda deberían ser menos); é obrigatorio buscar unha formación que dea acceso a unha cualificación nun sector onde haxa emprego. Así, aténdense as necesidades do mercado de traballo, reducindo ao mesmo tempo o sufrimento asociado á irregularidade administrativa.

cómpre planificar este reto, incluíndo non só vivenda, formación e emprego, senón tamén o ámbito lingüístico e cultural

Cóntanos algo bonito, esperanzador, para rematar ben esta entrevista

Cada día hai algunha boa nova que celebrar. Hoxe quedo con esta: O mes que vén comezamos un curso de galego para persoas estranxeiras na Rúa de Valdeorras. Foi unha solicitude feita por persoas búlgaras que residen alí. Querían poder traballar en coidado de persoas maiores e dependentes, pero tamén comunicarse coa veciñanza con naturalidade. Os novos galegos, as novas galegas, xa están entre nós. Tócanos construír a Galicia da diversidade cultural, orgullosa das súas raíces e valente para acoller a quen vén.

Atopámonos no mesmo contedor
Ti, buscando
Eu, tirando.
O lixo nas súas dúas versións.

Mirámonos no mesmo sentido
Ti devecendo
Eu refugando
Os refugos son dun único lado.

Falámonos na mesma linguaxe.
A túa, directa
Eu, evitando.
As vergoñas habitan no privilexio.

Preguntámonos no mesmo dubidar.
O teu, sufrido.
Eu, analista.
As razóns sempre xogan a favor da distancia.

Sorrimos no mesmo humor.
O teu, resignado.
Eu, interpelada.
As risas quíttannos fuscas e sombras.

Ti, eu, nós.

Koldobi Velasco

Koldobi Velasco, Gran Canaria (1970). Leva máis de 20 anos no movemento antimilitarista de Canarias e como activista en diferentes colectivos sociais. Entende a vida como unha sucesión de pontes que cada un debe ir tendendo para rematar coas desigualdades e inxustizas sociais, acadar a concordia e para que todos teñamos as mesmas oportunidades de vida. Loita encarecidamente contra a pobreza, que outros teiman en agochar ou en cuantificar, en lugar de intentar rematar con ela.

Olga Álvarez

"Coidarme, coidarte, coidarnos xuntas aprendemos, xuntas melloramos..."



Gran día o 14 de Setembro! Para as persoas que estivemos na Romaxe en Lodoselo foi un día gozamos por moitas razóns. Un sol fermoso que nos acompañou sen chegar a molestar, un prado de herba cortadiña e, iso si, alguén deixou unha porta aberta nalgures porque corría un pouquiño de aire...

Para comezar a acollida foi de alta cocina: ofrecéronnos patacas en tres xeitos diferentes, fritas, en salpicón e fritas con chocolate. E nesa antiga casa reitoral xa visitamos o tear, a aula da muller, a sala de actividades e o albergue no que agora se poden facer campamentos ou convivencias.

E así fomos chegando coches e máis coches e tamén autobuses, de Ferrolterra, Santiago, Moaña, Taboadela e Arzúa. Total que, segundo Protección Civil, eramos máis de 400 persoas, entre os de fóra e os da casa.

Deu comezo a celebración coa presenza do xeneral romano que, conta a lenda, veu conquistar Galicia e ante a negativa dos seus soldados a cruzar o río Limia polo temor a perderen a memoria, cruzouno o primeiro, e os seus soldados seguiron ao veren que os chamaba polos seus nomes. Este xeneral avisounos do perigo de esquecer e non coidar todo o que temos en Galicia.

Continuamos centrándonos xa nos tempos actuais, na experiencia comunitaria que se vive en Lodoselo, que foi dando pasos desde a constitución da asociación cultural "O Cruceiro" e logo

o Centro de Desenvolvemento Rural "O Viso". Xardín dos sentidos, galiñeiro 5.0, forno, Casas da Memoria... todo fai parte desta aldea.

Na Casa Niño están os cativos de dous anos que xunto cos maiores que viven na Vivenda Comunitaria fan actividades no Centro de Día coma se fosen netos e avoas. E non so eles, tamén outras veciñas, teñen moito no que ocuparse alí: fisioterapia, xogos de mesa, terapia ocupacional, estimu-

Eramos máis de 400 persoas, entre os de fóra e os da casa.

lación da memoria... e o voluntariado tamén preparan o reparto de lotes de comida para situacións de emerxencia e máis de 130 xantares para persoas maiores, a maioría vivindo soas.

Así nolo contaban as protagonistas destas vivencias:

Se cadra poden pasar cousas como que un homiño pida que lle boten a

lotería. Outra señoríña pedir que lle prendan o quentador da auga, que hoxe non lle funciona. Ou... no peor dos casos, pode pasar que ese día a muller á que lle levan a comida desde hai 10 anos non abra a porta, e haxa que facer esa temida chamada á familia ou á policía.

Na nosa oficina de Xinzo pódese atopar a nosa psicóloga acompañando a unha muller a poñer unha denuncia por malos tratos. Pódese atopar persoas que van buscar emprego, ou unha nai e o seu bebé acabado de nacer chegados de Perú, sen máis que o posto, que están agardando a que a traballadora social poida xestionarlles o básico.

Hai quen ten a misión de atopar novas persoas poboadoras para a comarca da Limia e anda na procura de casas para alugar a xente que vén doutros lugares.

As compañeiras de comunicación e Biocoidados andan facendo fotos a un prato de filloas, porque están rematando un libro de cocina autóctona da Limia. E as educadoras poida que estean nalgunha aldea facendo obradoiros de cultura dixital ou organizando



Non menos importante foi o papel das mulleres nas aldeas, que levaban todos os coidados da casa: da xente (maiores, pequenos, enfermos), da roupa, da cociña, dos animais e de todo o que fixese falta. E máis aínda se eran viúvas de vivos ou de mortos.

Coa memoria de Xesús e o Noso Pai, seguida do pan e o viño compartido, chegamos ao Berro Seco, ese aturuxo que sae do máis fondo para que se oía no mundo enteiro que apoiamos a Palestina, que queremos un traballo decente, que rexeitamos a violencia de xénero e que temos os brazos abertos aos migrantes.

Quedaba a entrega do ramo, da xente do Lodoselo á directiva de Irimia, á espera de que saian voluntarios/as para preparar a Romaxe do vindeiro ano.

Foi momento de agradecementos á Quenlla, polo seu acompañamento musical, tanto na celebración como na festa da tarde, á colaboración do Concello e da Deputación pola loxística, ao cociñeiro do petisco e a xente do CDR e a veciñanza de Lodoselo que nos fixo sentir ben a gusto.

Tamén fomos animadas a buscar un lugar para a vindeira Romaxe, a participar na directiva da asociación Irimia e a subscribirmos á revista Irimia.

E xa foi hora de xantar, compartir comida e sobremesas, poñerse ao día das novidades desde o ano pasado, cantar e celebrar ata que os da Quenlla comezaron o seu concerto co que chegamos ao fin da Romaxe. E xa van 46.

unha fornada de pan para o próximo sábado.

Porque pensamos que este proxecto non é o mellor nin o peor, que existe grazas ás persoas ás que atendemos pero que é fundamental o labor que facemos as persoas traballadoras e voluntarias.

Temos a obriga moral e ética de mellorarnos a nós como persoas para poder facer mellores ós demais.

A verdade é que nos deixaron abraidas pero, como nos dicían, non é cuestión de copiar modelos, senón de tomar o espírito, as ideas que non poidan aproveitar nos nosos respecti-

vos lugares. E se é coa ledicia de bailar unha Rumboia, mellor aínda.

A continuación, un momento emocionante foi a lembranza dos cregos que descubriron a importancia da acción, relixiosa, cultural, sindical e política para construír persoas e pobos libres e dignos e a isto dedicaron o melloriño das súas vidas. Coa presenza de tres deles (Evencio Domínguez Lorenzo, Isaac Alonso Estraviz, Camilo Modesto Domínguez) quixemos homenaxear a tantos outros, algúns xa mortos, que transmitiron os coidados de Deus no servizo á xente.



Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero)

OS FILLOS DA MADRUGADA



Os protagonistas

Parafraseando a cantiga do Seca Afonso, eran fillos da madrugada, de calquera amencer de luz para esta terra irredenta. No ano 2015 rendeuse unha merecida homenaxe aos paúles da congregación relixiosa do Colexio dos Milagres, en Monte Medo, Maceda (Ourense), que foron expulsados pola propia congregación. Entre eles destacaba Emilio González Graña, quen exercía como profesor desde había dez anos. Catro compañeiros seus: Serxio Fierro, Xosé Luis Nieto, Manoel R. Peleteiro e Odilo Cid, director do Colexio, solidarizáronse con el e sufriron represalias similares por parte das autoridades eclesiásticas.

As razóns que desencadearon esta situación remóntanse aos tempos posteriores ao Concilio Vaticano II, cando unha nova xeración de cregos, inspirados polo ambiente de cambio, comezaron a conectar coas comunidades de base, como a liderada por José María de Llanos Pastor, máis coñecido como o Padre Llanos. Estes cregos representaban unha nova forma de entender a relixión, próxima ás clases populares e afastada dos poderes tradicionais.

En 1969, a chegada destes cregos ao Colexio dos Milagres supuxo un punto de inflexión. O seu labor marcou unha diferenza notable coas vellas fórmulas da comunidade relixiosa anterior, afín ao poder eclesiástico, civil e caciquil. O seu traballo centrouse en varias liñas fundamentais: a concienciación sobre a emigración, o compromiso co galeguismo, o achegamento ás clases populares e a creación de grupos de

traballo que colaboraban activamente cos labregos da comarca.

A súa postura crítica, o fomento do pensamento crítico entre o alumnado e a creación dun espazo educativo máis inclusivo, integral e moderno fixeron que a sonda do Colexio dos Milagres adquirise unha cor vermella, unha tendencia que acabou provocando alarma entre as altas esferas eclesiásticas e civís, ata que o bispo de Ourense,

A tendencia vermella do Colexio dos Milagres provocou alarma nas altas esferas eclesiásticas



Homenxe

Ángel Temiño, interveu para asegurar que se puxesen fin a estas prácticas.

A pesar das represalias, a verdade e a humildade, como é ben sabido, son teimudas. Por iso, en 2015, ex-alumnos e a comunidade en xeral organizaron unha homenaxe para lembrar e recoñecer o legado destes cegos progresistas, especialmente o de Emilio González Graña. A homenaxe celebrouse o 1 de agosto de 2015 no Colexio dos Milagres, cun programa de actos que incluíu unha mesa redonda para debater sobre a expulsión en 1978 de Emilio González Graña da congregación dos Paúles, a súa prohibición de oficiar na diocese de Ourense e a solidariedade dos seus compañeiros: Odilo Cid, Manoel R. Peleteiro, Serxio Fierro e Xosé Luis Nieto.

A homenaxe incluíu tamén a reflexión sobre se o proxecto educativo do Colexio dos Milagres pagou a pena desde unha perspectiva académica, humana e galeguista, así como unha actuación do grupo A Quenlla, con membros de Fuxan os Ventos, que xa no 1977 protagonizaran unha actuación polémica no mesmo lugar, reivindicando a verdade e a reposición do sucedido.

Revisando a historia, estes pequenos anacos de vida serven para lembrar que, como fillos da madrugada, é preciso ventilar a memoria, separar o grao da palla e colocar a cada quen no lugar que lle corresponde.

a chegada destes cegos ao Colexio dos Milagres supuxo un punto de inflexión



O colexido dos Milagres

XXXVIII Foro Encrucillada

Igrexa aberta por reformas

Sábado, 5 de outubro

10:00: Acolida e Presentación

10:30: **Mons Francisco Xosé Prieto Fernández**
Que significa en Galicia a Igrexa en saída

12:30: **Andrés Torres Queiruga**
Xesús fundamento da Igrexa en saída

16:30 **Koldobi Velasco Vázquez**
Os desafíos das periferias á Igrexa

18:00 Celebración e peche
Mulleres Cristiás Galegas Exeria

Salón de Actos Colexio Compañía de María Santiago de Compostela

www.encrucillada.gal

Deputación DA CORUÑA

A Asociación Encrucillada organiza unha nova edición do seu emblemático Foro Encrucillada, que chega á súa 38ª edición. O evento terá lugar o próximo sábado 5 de outubro no salón de actos da Compañía de María, en Santiago de Compostela, co lema **"Igrexa aberta por reformas"**. O obxectivo principal é abrir un espazo para a reflexión e o diálogo sobre o futuro da Igrexa en Galicia, abordando os desafíos actuais e a necesidade de acoller os cambios sociais e achegarse ás periferias.

Data: Sábado 5 de outubro

Horario: De 10:00 a 19:00h

Lugar: Salón de actos da Compañía de María (entrada pola rúa das Trompas), Santiago de Compostela.

Programa:

- **10:00h** – Acolida e presentación
- **10:30h** – *Mons. Francisco José Prieto Fernández: "Que significa en Galicia a Igrexa en saída"*
- **12:30h** – *Andrés Torres Queiruga: "Xesús fundamento da Igrexa en saída"*
- **16:30h** – *Koldobi Velasco Vázquez: "Os desafíos das periferias á Igrexa"*
- **18:00h** – Celebración e peche a cargo de *Mulleres Cristiás Galegas Exeria*

Esperámosvos no Foro!

Convida a quen penses que lle poda interesar

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981

Coordinación da edición: Rosa María Rodríguez García.

Consello de redacción: Daniel López Muñoz, Luis Gómez Aldegunde, Lidia Campos Chan, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez, Lucía Santiago Díaz, Marta Sopena Font, Rubén Aramburu Molet, Tino Santiago, Baldomero Iglesias Dobarro (Mero), Xan Guillén Vázquez, Teresa Souto Loira, Christina Moreira, María Pereiro, Xabier Blanco, Clara Baliñas, Marisa Vidal, Xosé Lois Vilár, Lois Ferradás, Olga Álvarez, Beatriz Cedrón Vilár.

Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Tareixa Ledo Regal, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto Varela, Carlos Vázquez, Jessica Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Gumersindo Campaña Ferro, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana Bordas, Antón Laxe, Josecho Barca López, Felipe Arias Vilas, Elvira Santos, Beatriz Mosquera, Madó Domínguez, Anuncio Maroño, Clara Raposo, Beatriz García Turnes, Belén Caballo, Manuel García Turnes.

Recepción de artigos e colaboracións en: asoc.irimia@gmail.com

Subscricións:

Tel.: 615 464 095 / irimia@irimia.gal

Ordinaria: 35 Euros, de Apoio: 50 Euros. Cota de socio: 10 Euros.

Para asuntos da asociación non relacionados coa revista:

irimia@irimia.gal

Conta: Fiare Banca Etica

ES10 1550 0001 2500 0078 9628

Depósito Legal: C-1417-81

Tirada: 450 exemplares

Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)

ISSN: 2172-9182

Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas

Distribúe: IMPACTA

Edición electrónica: <http://irimia.gal>

Feito en papel reciclado



Actividade subvencionada pola



Deputación DA CORUÑA

Igrexa, política e eleccións

Corría o ano 2003 e, como estudante universitario, fun a unha mesa redonda sobre algún tema de compromiso social da Igrexa. Fóra, unha mesa con libros fotocopiados enriba e un cartaz que indicaba algo así como que “o cristianismo é de esquerdas”. Mentres agardaba na porta, pasaron por alí tres persoas e escoitei como unha preguntaba: “E estes quen son?”, ao que outro respondía, moi decidido: “Deben ser dos de Paco Vázquez”.


Hai menos dun mes, alguén moi próximo fixo o tramo final do Camiño de Santiago e comentoume que coincidiu con “grupos de igrexa”, como de “Irmandades”, e que era xente nova, mais ben rara, cunha estética de pulseiriñas coa bandeira, dos que berran “Viva España” cando baixan pola rúa de San Pedro e chegan ao Obradoiro.

Maxisterio e política

Non é novo, mais está instalado no imaxinario colectivo o posicionamento claro da Igrexa, da súa xerarquía, nos eidos máis conservadores e de dereitas do espectro político. Nin sequera a figura de Francisco foi quen de modificar esta visión. En 2019, o Papa defendía “unha nova presenza de católicos na política de América Latina”, cunha clara mensaxe de facer política partindo do Evanxeo e superando as ideoloxías. Facer política debía ser “unha vocación de servizo”, centrándose en mulleres, xente nova e os máis pobres, quen se deberían “ver como suxeitos de transformación e non como meros obxectos de asistencia”.

En novembro de 2002, a dupla Joseph Ratzinger e Xoán Paulo II aprobaba unha nota doutrinal “sobre algunhas cuestións relativas á participación e comportamento dos católicos na vida política”. Como era habitual, sentaban cátedra sobre un tema con moitas vertentes e posturas encontradas. Como era propio deles, das 31 notas a pé de páxina do documento, 0, si, 0, citaban non só ao Novo Testamento, senón á Biblia en xeral, e 10 ao propio Xoán Paulo II e ás súas encíclicas (porque para que falar de Xesús se temos a un Papa). A conclusión: que os cristiáns participasen activamente en política, sen afastarse da verdade. 2000 anos antes preguntaba Poncio Pilatos a Xesús “que é a verdade?” e este respondía cun silencio cando ben podía responder como “o maxisterio papal”.

o Partido Republicano dos EE.UU. intensificou os seus ataques ás iniciativas sociais promovidas polas institucións



Eleccións nos EE.UU.

O posicionamento das diferentes igrexas xoga un papel fundamental nas eleccións e no voto nos Estados Unidos. Uns comicios distantes, mais dos que se agarda unha influencia mundial. Así como en América Latina a influencia da Igrexa Católica na orientación do voto foi reducida ao mínimo, isto non aconteceu no veciño do norte. Así como esmoreceron o nacemento de liderados políticos baseados no humanismo cristián e na loita pola xustiza (grazas á acción da xa mencionada dupla Ratzinger – Xoán Paulo II), este papel asumírono as igrexas protestantes, en especial as máis ultraconservadoras pentecostais e neopentecostais, que nestes anos tanto apoian a Trump e as súas políticas. E hai un nexo en común, xa que é a cuestión do aborto o que xustifica este apoio aos republicanos fronte á candidata democrata, e este tamén era o punto central da nota vaticana do 2003, a que decantaba a verdade da doutrina.

Hai esperanza

Aínda que poida resultar raro, o Partido Republicano dos EE.UU. intensificou os seus ataques ás iniciativas sociais promovidas polas institucións e organismos vinculados á igrexa católica norteamericana. Os programas en apoio ás persoas migrantes, as iniciativas para facilitar o asilo, as iniciativas ambientais, son accións que a dereita extrema representada por Trump rexeita. É na loita pola xustiza social e polos dereitos das persoas onde a política cobra sentido.

Da orquestra ao ioga...

Hoxe temos que comezar por preguntarvos se fostes a algunha verbena e/ou reflexionastes sobre o tema dos usos lingüísticos das nosas orquestras, sobre o que tratamos no número anterior. Se non o fixestes, aínda queda algunha festiña neste outono e dádeslle unha volta. Mais, mentres esperamos as vosas respostas, avanzamos nós coa lingua... Por iso neste número temos que empezar por lembrar que “orquestra” é unha palabra que vén do grego antigo ὄρχηστρα, co significado de “lugar de danza”, por alusión ao espazo semicircular situado en fronte ao palco do teatro grego, onde estaban os músicos e bailaba o coro. O termo pasou ao latín e de aí ás linguas románicas. En galego, mantendo a etimoloxía (e non por amolar), o nome deste agrupamento instrumental ten o “r” despois do “t”, do mesmo xeito que mantén ese “r” en moitas linguas, por exemplo, no portugués, no italiano, no francés e mesmo no inglés.

E xa que entramos en fariña, imos revisar algunhas formas léxicas desas que son case iguais en galego e en castelán -lingua que temos ao lado e que introduciu moito vocabulario (e de todo) na nosa-, pero que varían nas grafías, debido ao respecto que se tivo pola etimoloxía ao fixar o estándar do galego. Por iso hai moitas diferenzas entre palabras con “b” e “v” entre unha lingua e outra. Estamos a pensar en “voda” (derivada do latín votus), “móbil” (do lat. mobile), “varrer” (do lat. verrere), “vulto” (do lat. vultum), “avogado” (do lat. advocatum), “gravar” (do lat. gravare), “marabilla” (do lat. marabilia), “avó” (do lat. vulgar aviolum), “voitre” (do lat. vulturem) e mesmo “vermello” (do lat. vermiculum), así que o “bermejo” castelán escríbese cun “b”, non atendendo á orixe da palabra, igual ca todas as outras citadas. E do mesmo xeito mantemos en galego a fidelidade

á lingua orixinal en “esvelto” (do italiano svelto).

Temos exemplos da mesma discorancia co “h”. En galego escribimos “ermida” (lat. eremita), “inchar” (lat. inflare), “ombreiro” (lat. umerum), “orfo” (lat. orphanum), “óso” (lat. vulgar ossum) ou “ovo” (lat. ovum)... É dicir, mantemos a grafía orixinal, fronte ao castelán que, nalgún momento da súa historia, acordou introducir un “h”.

Outras veces hai variación co castelán por unha grafía, ben por evolución diferente en cada unha das linguas, como é o caso daquelas nas que en galego hai “l” e en castelán “ll”: “ampola”, “argola”, “calo”, “camelo”, “talo”, “selo”, “atropelo”, “vasalo”...; ou ben porque o termo orixinario de onde se toma ten unha letra que non existe no noso alfabeto, por exemplo “iate” (do neerlandés “jachtschip”), “iogur” (do turco “yogurt”) ou “ioga” (do sánscrito “yoga”).

E pechamos este repaso ortográfico desexándovos un bo outono, lembrándovos que Moito tes que saber para cogomelos coller e tamén que A castaña que está no camiño... é do veciño.

